

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006316	CEIP Daría González García	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Crecedemento en harmonía	4º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

Esta programación está deseñada para un grupo de 5 nenos/as de 4º de educación infantil que conviven na aula mixta con alumnado de 5º de educación infantil. Un alumno presenta NEAE.

A programación da área de Crecemento e Harmonía recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 4º de EI co fin máximo de promover nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan coñecer, dominar e coidar o seu propio corpo. Abrangue aspectos como o desenvolvemento e a valoración propia, a autonomía e a identidade persoal.

Se desenvolverá conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situación de aprendizaxe (retos, tarefas, actividades e exercicios). Proxectos que poidan xurdir da vida cotiá da aula, así como que poidan ser introducidos mediante un axente motivador e que respetarán o principio de globalidade e nas que se porán en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Está baseada nun enfoque metodolóxico constructivista, que concibe a aprendizaxe como a construción de coñecementos a partir do que o neno e a nena xa saben e por medio de difetentes estratexias, acadar unha restructuración dos esquemas cognitivos orixinais de modo que se incorpora o descuberto. Polo tanto é clave a aprendizaxe significativa, organizando as tarefas e guiando a práctica educativa a través dunha serie de competencias básicas, nas que se iniciarán os nenos e nenas de Educación Infantil.

Esta programación e a súa temporalización poderán ser modificadas na posta en práctica, dependendo da motivación e do interese do alumnado e da realidade e o contexto do grupo, podendo cambiar algún dos aspectos dos proxectos así como xurdir outros novos durante o curso escolar.

Está formada por 10 unidades didácticas, 8 repartidas nos tres trimestres, unha mesma unidade que se traballará nos tres trimestres e outra que se desenvolverá de maneira transversal durante todo o curso escolar onde se traballarán de forma reiterativa aspectos moi concretos relacionados coa área e que complementará o traballado nas outras unidades.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.					1		1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1				1			
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable					1		1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos					1	1	1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xa estamos de volta! Comezamos un novo curso.	Planificación da adaptación á escola as primeiras semanas de setembro, con diferentes propostas e actividades de convivencia e relación cos compañeiros.	20	X		
2	Caen as follas, chega o outono o magosto e o Samaín.	Planificación de propostas en torno ao outono, e ás celebracións do magosto e o samaín, tendo como eixe temático central o medo.	29	X		
3	A paz- Facendo amigos.	Esta unidade xirará en torno as relacións de amizade e afectivas que se establecen na escola, ó coñecemento dos compañeiros e á formación da autoimaxe a partir deste coñecemento dos demais. Ademais de xeito paralelo se participará nas propostas de centro de dita conmemoración, que afonden na importancia dos valores que promovan a paz na nosa contorna	19		X	
4	Descubriendo cada día.	Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías. Aquí atoparemos actividades relacionadas coas linguaxes coma medio de comunicación (assembleas, buscas de información, uso de medios dixitais) de expresión (conciencia fonolóxica, emprego de diferentes soportes, expresión artística e creación persoal,) e de relación social (pautas de convivencia, autoregulación emocional....), así como actividades relacionadas coa biblioteca (animación á lectura, préstamo de libros..) e as distintas rutinas diarias.	40	X	X	X
5	A abrigarse que chega o Inverno.	De maneira significativa e globalizada se traballarán aspectos relativos ós distintos tipos de familias, e á celebración do Nadal, xunto coas características da nova estación.	29	X	X	
6	Pontevedra e a súa arte.	Esta unidade xirará en torno a diferentes obras de arte ubicadas en espazos naturais de Pontevedra (creacións na natureza e obras na cidade (arquitectura e escultura) estando presentes neles tamén os	29		X	

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Pontevedra e a súa arte.	cambios estacionais coa chegada da primavera e a distinta flora e fauna característica.	29		X	
7	A auga en Pontevedra: río, ría, praia.	Vinculada ao proxecto de centro "A auga é vida", nesta unidade seguiremos descubrindo a nosa contorna máis próxima así como a súa flora e fauna máis característica. .	29			X
8	Somos científicos: experimentos coa auga.	Unidade sobre a experimentación científica, na que a protagonista será a auga.	18			X
9	Descubrimos o Entroido de Galicia.	En estreita conexión co proxecto de centro e os distintos centros de interese xurdidos nas aulas de infantil, traballarase en torno a esta celebración.	14		X	
10	Investigamos sobre tres mulleres de Pontevedra.	En cada trimestre escolar levarase a cabo unha pequena investigación sobre unha mulleres relevantes da nosa cidade: unha deportista, unha escritora e unha bailarina.	18	X	X	X
11	Movemos o noso corpo.	Esta UD inclúe propostas que se levarán a cabo ao longo de todo o curso, de xeito secuenciado, para garantir un axeitado desenvolvemento das capacidades do neno/a a partir do movemento e a acción. Se levará a cabo nas sesións semanais de psicomotricidade.	35	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Xa estamos de volta! Comezamos un novo curso.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Controla o seu corpo en diferentes situacións motrices.	TI
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Axusta os seus movementos ao xogo dirixido e espontáneo.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fai aportacións con axuda sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Expresa as súas necesidades cun progresivo control das súas emocións.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide axuda aos adultos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Acepta as diferenzas individuais nos xogos e actividades colectivas.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece hábitos saudables.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve problemas con axuda e aceptando as normas.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Interacciona cos seus compañeiros/as nas actividades cotiás.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Amosa interese e participa en diálogos sobre as normas sociais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.

UD	Título da UD	Duración
2	Caen as follas, chega o outono o magosto e o Samaín.	29

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Recoñecer as percepción sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica algunhas sensacións que lle producen os seus sentidos.	TI
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes útiles e manifesta progreso na coordinación fina.	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Móstrase seguro e con iniciativa nas diferentes situacións escolares.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide axuda cando a necesita.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións con axuda en situacións de intercambio comunicativo sobre gustos, preferencias e inxerencias.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Cóidase e coida a contorna.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Participa en xogos e actividades colectivas.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	Participa nas celebracións e actividades culturais da escola.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
3	A paz- Facendo amigos.	19

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Realiza a representación de forma sinxela.	TI
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Recoñece as súas posibilidades e limitacións.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Recoñece algunhas semellanzas e diferenzas nas persoas.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fai aportacións con axuda sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias.	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Móstrase seguro e con iniciativa nas situacións da vida cotiá da aula.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Adapta o seu comportamento en situación coñecidas	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Colabora cos compañeiros nas propostas grupais.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Interacciona de maneira positiva cos seus compañeiros/as nas actividades cotiás.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Escoita e respecta as aportacións sobre as normas sociais	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. - A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.

UD	Título da UD	Duración
4	Descubrinto cada día.	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Realiza a representación do seu corpo de forma sinxela	TI
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica algunhas sensacións que lle producen os seus sentidos.	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Recoñece as súas posibilidades e limitacións.	
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Adapta as súas posibilidades motrices ás actividades da vida cotiá e ao emprego de diferentes obxectos.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Axusta os seus movementos ao xogo dirixido e espontáneo.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes útiles amosando evolución na coordinación fina.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Expresa as súas necesidades cun progresivo control das súas emocións.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Adapta o seu comportamento en situación coñecidas.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións con axuda en situacións de intercambio comunicativo sobre gustos, preferencias e inquedanzas.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Utiliza diferentes útiles segundo as necesidades de cada situación	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece hábitos saudables.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta as normas evitando riscos.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Coidase e coida a contorna.	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Adáptase aos tempos das actividades cotiás.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve problemas con axuda e aceptando as normas.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Interacciona cos seus compañeiros/as nas actividades cotiás.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva proponendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa en actividades culturais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Avance e control progresivo da motricidade fina.

Contidos

- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.

UD	Título da UD	Duración
5	A abrigarse que chega o Inverno.	29

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica algunhas sensacións que lle producen os seus sentidos.	TI
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Recoñece as súas posibilidades e limitacións.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa en xogos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	É autónomo en actividades da vida cotiá e no seguimento das normas.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa en festas escolares.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
6	Pontevedra e a súa arte.	29

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica algunhas sensacións que lle producen os seus sentidos.	TI
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta as normas evitando riscos.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Coidase e coida a contorna.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa en xogos e situacións da vida cotiá.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades. - Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.

UD	Título da UD	Duración
7	A auga en Pontevedra: río, ría, praia.	29

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica algunhas sensacións que lle producen os seus sentidos.	TI
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Adapta as súas posibilidades motrices ás actividades da vida cotiá. e ao emprego de diferentes obxectos.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Cóidase e coida a contorna.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.

UD	Título da UD	Duración
8	Somos científicos: experimentos coa auga.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Recoñecer as percepción sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica algunhas sensacións que lle producen os seus sentidos.	TI
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Recoñece as súas posibilidades e limitacións.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes útiles amosando progreso na coordinación fina.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Adapta o seu comportamento en situación coñecidas.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións con axuda en situacións de intercambio comunicativo sobre gustos, preferencias e inxerencias.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve problemas con axuda e aceptando as normas.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Amosa seguridade e autonomía en distintas situacións da vida cotiá.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Participa en xogos e actividades colectivas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.

UD	Título da UD	Duración
9	Descubrimos o Entroido de Galicia.	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fai aportacións con axuda sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias.	TI
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Acepta as diferenzas individuais nos xogos e actividades colectivas.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve problemas con axuda e aceptando as normas.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa en celebracións e actividades culturais da escola.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
10	Investigamos sobre tres mulleres de Pontevedra.	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Realiza a representación do seu corpo de forma sinxela.	TI
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fai aportacións con axuda sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve problemas con axuda e aceptando as normas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.

UD	Título da UD	Duración
11	Movemos o noso corpo.	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Traballaremos o equilibrio e a coordinación nas sesións de psicomotricidade, avanzando no seu desenvolvemento progresivo.	TI
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Control do seu corpo en situacións cotiás.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Adapta as súas posibilidades nos diferentes xogos nas sesións de psicomotricidade.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Se buscará potenciar no alumnado o máximo desenvolvemento axustándose ao seu momento evolutivo, respectando os ritmos e as características individuais e propoñendo situacións de aprendizaxe motivadoras. Estas situacións educativas promoverán a observación, a manipulación e a exploración e vivenciación dos nenos e das nenas desenvolvendo aspectos motrices que faciliten o avance na súa autonomía, tanto nos movementos coma nos desprazamentos, tomando conciencia do seu corpo e das súas partes para chegar paulatinamente á interiorización do esquema corporal.

Polo tanto deseñaranse contextos e experiencias de aprendizaxe que promovan e faciliten o movemento e a vivenciación corporal e espacial, a través da música, o baile, a danza, a expresión corporal, os xogos e os estímulos sensoriais.

Basearémonos nun enfoque constructivista, que permita a construción de coñecementos a partir do que o neno e a nena xa saben e por medio de difetentes estratexias, acadar unha restructuración dos esquemas cognitivos orixinais de modo que se incorpora o descuberto.

Ademáis teremos en conta os seguintes aspectos:

- Deseñaranse propostas, experiencias e actividades adaptadas aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado nas que prime a exploración e manipulación de diversos materiais, e a creación persoal con diferentes e variados materiais tanto da contorna como elementos de refugallo, que se reutilizarán.
- Deseñaranse dinámicas e actividades individuais, de parella, grupos e de gran grupo, fomentando as propostas colaborativas e cooperativas.
- Partirase da emoción para propiciar a implicación do alumnado e a aprendizaxe significativa, facilitando así que establezca as necesarias conexións neuronais e aprenda dun xeito ameno, dinámico e con garantía de levar a cabo transferencias a outros contextos.
- Buscarase sempre a máxima autonomía do alumnado, cun papel activo propiciando a súa iniciativa na resolución dos problemas da vida cotiá que se orixinen na escola para poder implentalo noutros contextos.
- A organización espacial será acorde para levar diferentes e variadas propostas, para propiciar a súa autonomía de acción e movemento e para garantir momentos e actividades de calma e tranquilidade.

Tendo en conta que no grupo aula contamos cun alumno con NEAE, concretamente, en 5º de Educación Infantil, organizaranse as sesións, propostas, e experiencias tendo en conta estas necesidades, adaptándoas o máximo posible para dar cabida á súa participación e aportación, e coa maior normalidade posible. Tenderase a planificar e deseñar experiencias e dinámicas grupais, potenciando o valor do grupo, da colaboración, axuda e cohesión.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet, proxector e pizarra dixital da aula de psicomotricidade, conexión a internet.
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz da aula sensorial, material variado da aula sensorial.
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, libros de aula feitos polos nenos, libro do abecedario, libro dos compañeiros, libros de pictogramas.
Material visual: carteis, bits, láminas de vocabulario, tarxetas de memory e parellas, tarxetas de números e letras, paneis de rutinas, paneis de encargado, murais rexistros.
Material curricular: curriculum, pxa, udis, artigos e publicacións sobre prácticas educativas, revistas educativas.
Material artístico: pinturas, plastina, elementos de refugallo, títeres, esponxas, rodillos, papeis e cartóns de todo tipo, globos, material para estampar, tizas de cores, tixeiras, cola, pinceis, ...

Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, teas, conos, picas, cordas, balóns, táboas de equilibrio, zancos, aros, colchonetas,...
Material non estruturado: elementos de refugallo (rolos papel hixiénico, rolos celo, tapóns, cartóns, oveiras) , elementos naturais (cunhas, follas, cortezas, castañas, landras, millo, ...), pezas soltas...
Material de xogo simbólico.
Instrumentos musicais e materiais sonoros de todo tipo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial se levará a cabo nas primeiras semanas do curso, unha vez superado o período de adaptación e proporcionará información sobre as competencias do alumnado e as necesidades do grupo e permitirá a posterior planificación do proceso de ensino-aprendizaxe.

Se levará a cabo a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas e das interaccións cos compañeiros.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno.

Permitirá saber de que punto partimos con cada neno e co grupo así como facilitar identificar a identificación temperá das necesidades educativas no alumnado e a aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra/e.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

O grupo aula conta cun alumno diagnosticado con autismo, pendiente de novas probas que aporten máis datos ao seu diagnóstico inicial.

O alumno mellorou moito neste verán. Xa ten linguaxe (pouco) e hábitos relacionados cos diferentes momentos na escola. Recibirá apoio específico tanto da mestra de PT como de AL.

Se marcarán uns obxectivos iniciais, que se irán revisando en función da súa evolución.

A comunicación coas familias e co centro de día será moi fluída e continua, para facilitar na maior medida posible a máxima coordinación e coherencia pedagóxica nas pautas de actuación que se establezan.

Con respecto ao grupo:

Será primordial a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e

alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da lincaxe, razonamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuando tempos, rutinas e espazos en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adeguar a programación didáctica, realizando unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, e facilitar diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC utilizando diferentes apps para estimulación da lincaxe, o razonamento e a atención.
- Promover as interaccións continuas co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara e concisa, con frases curtas.
- Secuenciar as tarefas, con apoios visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Deseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH se son idóneas para o alumnado Tea.
- Primar o esforzo e non o resultado, adoitando un enfoque emocional.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre desde un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais, etc).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Afectividade e xestión das emocións.	X		X	X				
ET.2 - Educación para o consumo responsable.		X			X	X	X	
ET.3 - Educación para a igualdade de xénero e a non discriminación.			X	X				
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos		X				X	X	X
ET.5 - Convivencia e relación social	X		X	X				
ET.6 - Educación para a saúde: hábitos de hixiene.	X			X				

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Afectividade e xestión das emocións.			
ET.2 - Educación para o consumo responsable.			

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.3 - Educación para a igualdade de xénero e a non discriminación.	X		
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos			
ET.5 - Convivencia e relación social		X	
ET.6 - Educación para a saúde: hábitos de hixiene.			

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de familiar ou persoa allea ao centro	Nalgunha das unidades invitaremos a algún familiar ou persoa allea ao centro para que nos fale sobre aspectos que estamos a traballar.			
Contacontos	Na semana do Libro ou en calquera outro momento do curso escolar que xurda invitaremos a familiares do alumnado a contar un conto.			
Saídas á cidade de Pontevedra	No segundo e terceiro trimestres realizaremos saídas á cidade de Pontevedra (Illa das Esculturas e Casco vello).			
Saída de fin de curso	Actividade lúdica e de convivencia para despedir o curso escolar.			
Proxectos medioambientais	Se poderá participar en proxectos baseados no coidado e defensa da natureza.			
Conmemoracións e festas	Participaremos en todas as propostas, experiencias e actividades que a comunidade educativa planifique para conmemorar diferentes datas do curso escolar.			
Obradoiros no centro escolar	Participaremos en obradoiros que xurdan ó longo do curso escolar nos que se traballen calquera dos elementos transversais do currículo.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Deseñáronse actividades adecuadas para o alumnado.
Os instrumentos de avaliación empregados foron axeitados e eficaces.
Existiu coordinación entre todos os mestres do equipo docente que imparten clase na aula.
Os recursos empregados para cada proposta foron suficientes, axeitados, cumpriron os obxectivos perseguidos.

Adaptáronse axeitadamente as actividades para o alumnado con NEAE.
Os elementos curriculares planificados estiveron presentes nas actividades levadas a cabo.
Promoveuse o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades de pensamento.
A temporalización das Udis e das diferentes actividades e experiencias foi axeitada ou foi preciso facer modificacións.
Os instrumentos de avaliación resultaron eficaces e axeitados.
O clima creado na aula foi axeitado para fomentar a calma e a resolución de conflitos pacíficamente.
Leváronse a cabo suficientes propostas e dinámicas cooperativas entre o alumando.
A organización espacial resultou axeitada para promover os diferentes tipos de actividades: recantos de xogo, momentos de traballo, propostas en gran grupo e de movemento.

Descrición:

Detállanse os indicadores que se terán en conta para levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Na finalización de cada trimestre o equipo de ciclo de infantil levará a cabo un seguimento a través da aplicación Proens.

9. Outros apartados